

21494 *LEI 46/2007, do 13 de decembro, de modificación da Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime do persoal do Corpo da Garda Civil.* («BOE» 299, do 14-12-2007.)

JUAN CARLOS I
REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

A Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime do persoal do Corpo da Garda Civil, dedica o seu artigo 83 á situación de excedencia voluntaria a que poderá pasar o persoal da Garda Civil.

O punto 1 do dito artigo recolle os diferentes supostos de pase á situación de excedencia voluntaria, entre eles, os que figuran na alínea e) e que teñen a súa orixe no coidado dos fillos, por natureza ou adopción ou por acollemento permanente ou preadoptivo, e no coidado directo dun familiar, ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade que, por razóns de idade, accidente ou enfermidade, non se poida valer por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída.

Para os supostos expresamente mencionados no parágrafo anterior, o tempo máximo na situación de excedencia que fixa a lei antes citada é, respectivamente, de tres anos e un ano. En ambos os dous casos establécese unha situación máis favorable respecto aos demais supostos previstos de pase a excedencia voluntaria xa que, segundo se recolle no artigo antes mencionado, os que pasen á dita situación para o coidado de fillos ou dun familiar non estarán sometidos a tempo mínimo de permanencia, non serán inmovilizados no escalafón, nin excluídos da correspondente avaliación para o ascenso unha vez transcorridos os dous primeiros anos, seralles computable o tempo permanecido na situación de excedencia voluntaria para os efectos de trienios e dereitos pasivos e non deixarán de estar suxeitos ao réxime xeral de dereitos e obrigas do persoal do Corpo da Garda Civil, ás leis penais militares e á disciplina do instituto.

A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, mediante o punto catro da súa disposición adicional novena engadiu un novo punto 8 no artigo 29 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, incorporando o dereito da muller funcionaria a solicitar unha excedencia por razón de violencia de xénero, con reserva do posto de traballo durante os seis primeiros meses e séndolle computable o dito período para os efectos de ascensos, trienios e dereitos pasivos. Estes dereitos poderán ser prorrogados por períodos de tres meses, cun máximo de dezaoto, cando a efectividade do dereito de protección o exixir.

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, a través da súa disposición adicional décimo novena, modificou os puntos 4 e 8 do artigo 29, antes mencionado. Con esas modificacións recoñeceuse, por un lado, o dereito da muller funcionaria en excedencia por razón de violencia de xénero a percibir durante os dous primeiros meses da excedencia as retribucións íntegras e, de ser o caso, as prestacións familiares por fillo a cargo; e, por outro, ampliouse ata os tres anos o período máximo de excedencia para atender o coidado dun familiar que se atope ao seu cargo, ata o segundo grao, inclusive, de consanguinidade ou afinidade que, por razóns de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade non se poida valer por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída. Tanto para este suposto, coma para o relativo ao coidado dos fillos, e co fin de faci-

litar o seu exercicio, a norma recolle unha ampliación, aos dous primeiros anos, da reserva do posto de traballo que se estaba desempeñando.

Tales previsións tamén foron incluídas no artigo 89 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, cuxas disposicións, aínda que non son directamente aplicables ao persoal das forzas e corpos de seguranza, si o serán se así o determina a súa lexislación específica.

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, antes mencionada, tamén modificou o artigo 83.1 e) da Lei 42/1999, do 25 de novembro, desenvolvendo a situación de excedencia en caso de acollemento, sempre que a súa duración non sexa inferior a un ano, aínda que este sexa provisional, de menores de ata seis anos, ou de menores de idade discapacitados ou que teñan especiais dificultades de inserción social e familiar.

Por outra parte, o punto 3 do artigo 89 da Lei 7/2007, do 12 de abril, ampliou o suposto de excedencia voluntaria por agrupación familiar, xa previsto na alínea d) do artigo 29.3 da Lei 30/1984, do 2 de agosto. Poderase conceder cando o cónxuxe resida noutra localidade por obter e estar desempeñando un posto de traballo de carácter definitivo como persoal funcionario de carreira ou laboral fixo en calquera das administracións públicas, organismos públicos e entidades de dereito público dependentes ou vinculados a elas, nos órganos constitucionais ou do poder xudicial e en órganos similares das comunidades autónomas, así como na Unión Europea ou en organizacións internacionais.

En consecuencia, a necesidade de favorecer a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, así como a protección dos empregados públicos obxecto de situacións de violencia de xénero, aconsella estender a aplicación das medidas descritas, xa de aplicación ao resto dos funcionarios públicos, ao persoal da Garda Civil, avanzando, deste xeito, no camiño dunha igualdade efectiva entre as mulleres e os homes do dito instituto armado.

Por outro lado, a experiencia adquirida na aplicación do artigo 97.2 da Lei 42/1999, do 25 de novembro, e o problema xerado, nalgúns casos, polo cesamento no destino do persoal cando se inicia un expediente por insuficiencia de condicións psicofísicas, aconsellan abordar a modificación do precepto legal aludido, no sentido de que o dito cesamento non se produza de xeito imperativo ao inicio do expediente, senón que, para acordalo, se teña en conta o informe do órgano médico-pericial competente e as actividades que desempeña o afectado no seu destino.

En consecuencia, faise necesario modificar o contido dos artigos 83 e 97.2 da Lei 42/1999, do 25 de novembro.

Artigo único. *Modificación da Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime do persoal do Corpo da Garda Civil.*

A Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime do persoal do Corpo da Garda Civil, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o artigo 83, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Os gardas civís pasarán á situación de excedencia voluntaria cando:

a) Sexan designados como candidatos a eleccións para órganos representativos públicos en exercicio do dereito de sufraxio pasivo ou resultasen elixidos nestas.

b) Sexan nomeados ministros, secretarios de Estado, subsecretarios, secretarios xerais, secretarios xerais técnicos, directores xerais, así como delegados do Goberno ou membros dos consellos de goberno ou cargos asimilados en rango administra-

tivo aos anteriormente citados das comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla.

c) Se atopen en situación de servizo activo noutro corpo ou escala de calquera das administracións públicas ou de xustiza ou pasen a prestar servizos en organismos, entidades ou empresas do sector público.

d) O soliciten por interese particular. A súa concesión quedará subordinada ás necesidades do servizo debidamente motivadas. Non se poderá declarar cando ao garda civil se lle instrúa expediente disciplinario por falta moi grave.

e) O soliciten para atender o coidado de cada fillo, tanto cando o sexa por natureza como por adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo, por un período non superior a tres anos, contados desde a data de nacemento ou, de ser o caso, da resolución xudicial ou administrativa.

Tamén terán dereito a un período de excedencia de duración non superior a tres anos os que o soliciten para atender o coidado dun familiar que se atope ao seu cargo, ata o segundo grao, inclusive, de consanguinidade ou afinidade que, por razóns de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade, non se poida valer por si mesmo, e que non desempeñe actividade retribuída.

O período de excedencia será único por cada suxeito causante. Cando un novo suxeito causante dese orixe a unha nova excedencia, o inicio do seu período porá fin ao que se viñese desfrutando.

Estes dereitos non poderán ser exercidos simultaneamente por dous ou máis gardas civís en relación co mesmo causante.

f) Ingresen por acceso directo como alumnos dos centros docentes de formación das forzas armadas ou da Garda Civil.

g) O soliciten, por razón de violencia de xénero, para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral.

h) O soliciten por agrupación familiar cando o seu cónxuxe resida noutro municipio por obter e estar desempeñando un posto de traballo de carácter definitivo como funcionario de carreira ou como laboral fixo en calquera das administracións públicas, organismos públicos e entidades de dereito público dependente ou vinculados a elas, nos órganos constitucionais ou do poder xudicial e en órganos similares das comunidades autónomas, así como na Unión Europea ou en organizacións internacionais.

2. Será condición para poder pasar á situación de excedencia voluntaria, polas causas previstas nas alíneas c) e d) do punto 1 deste artigo, cumprir o tempo de servizos que regulamentariamente se determine desde a adquisición da condición de garda civil ou desde a finalización dos cursos de perfeccionamento ou de altos estudos profesionais que fosen fixados para estes efectos conxuntamente polos ministros de Defensa e do Interior. En ambos os dous supostos, o tempo que se fixe gardará unha proporción axeitada cos custos, duración e importancia dos estudos realizados e non poderá ser superior a dez anos.

3. Os que pasen á situación de excedencia voluntaria pola causa definida na alínea a) do punto 1 deste artigo reintegraranse á situación de que procedesen se non fosen elixidos e pasarán á de servizo activo ou, de ser o caso, á de reserva, ao remate do seu mandato. En ambos os dous supostos o afectado terá dereito ao reingreso nunha praza, posto ou destino, análogo ao anteriormente ocupado, na mesma localidade, sempre que exista vacante nela.

4. O garda civil que pase á situación de excedencia voluntaria pola causa definida na alínea b) do punto 1 deste artigo, pasará á situación de servizo activo ou, de ser o caso, á de reserva, ao finalizar o seu mandato.

5. Os que pasen á situación de excedencia voluntaria pola causa definida na alínea f) do punto 1 deste artigo reintegraranse á situación de servizo activo se causasen baixa no centro antes de acceder á nova escala.

6. Na situación de excedencia voluntaria non se poderá permanecer menos de dous anos, sen prexuízo do establecido nos puntos 3, 4 e 5 deste artigo.

O garda civil que solicite o pase á situación de excedencia voluntaria por algún dos supostos recollidos na alínea e) do punto 1 deste artigo poderao facer polo tempo que considere oportuno co límite máximo determinado no dito punto.

A garda civil que solicite o pase á situación de excedencia voluntaria pola causa definida na alínea g) do punto 1 deste artigo, poderao facer sen que resulte de aplicación ningún prazo de permanencia nesta.

7. Transcorridos os dous primeiros anos na situación de excedencia voluntaria, o interesado permanecerá no escalafón no posto que ocupase no momento e non será avaliado para o ascenso. Ao cesar nela finalizará a inmovilización, pero a perda do posto será definitiva. Se se lle concedese esta situación por segunda ou sucesivas veces, quedará inmovilizado no posto que tivese no escalafón no momento da concesión.

A inmovilización no escalafón e as demais consecuencias reguladas neste punto non se aplicarán nos supostos da alínea e) do punto 1, nin durante os tres primeiros anos no suposto previsto na alínea g) do citado punto 1.

8. O interesado poderá ascender durante os dous primeiros anos de permanencia na situación de excedencia voluntaria, sempre que teña cumpridos os requisitos que se lles exixan aos membros da súa escala.

9. Aos que pasen á situación de excedencia voluntaria polo suposto recollido na alínea f) seralles computable o tempo permanecido nesta para os efectos de tempo de servizos, trienios e dereitos pasivos.

O tempo permanecido na situación de excedencia voluntaria nos supostos recollidos nas alíneas c), d) e h) do punto 1 deste artigo non producirá retribucións, nin será computable para os efectos mencionados no parágrafo anterior. Nos supostos das alíneas a), b) e e) do citado punto só será computable para os efectos de trienios e de dereitos pasivos.

Aos que pasen á situación de excedencia voluntaria polo suposto da alínea g) seranlles computables os seis primeiros meses para os efectos de tempo de servizos, trienios e dereitos pasivos, podéndose prorrogar estes efectos por períodos de tres meses, cun máximo de dezoito, cando das actuacións de tutela xudicial resultase que a efectividade do dereito de protección da vítima o exixir.

Os que permanezan na situación de excedencia voluntaria, en aplicación do previsto nas alíneas a) e b) do punto 1 deste artigo, terán dereito a percibir, durante o tempo en que desempeñen cargo público representativo, o importe dos trienios que lles correspondan. No suposto previsto na alínea g) terase dereito a percibir, durante os dous primeiros meses, as retribucións integras, salvo os incentivos ao rendemento, así como, se é o caso, as prestacións familiares por fillo a cargo.

10. Os que pasen á situación de excedencia voluntaria polos supostos das alíneas a), b), c), d), h) e, de ser o caso, a partir dos dezaioito meses no suposto da alínea g) do punto 1 deste artigo, deixarán de estar suxeitos ao réxime xeral de dereitos e obrigas do persoal do Corpo da Garda Civil, ás leis penais militares e á disciplinaria do instituto.

11. Os que pasen á situación de excedencia voluntaria polos supostos definidos na alínea e) terán dereito, durante os dous primeiros anos, á reserva do posto de traballo que desempeñasen. Transcorrido este período, a dita reserva serao para un posto na mesma localidade e de igual retribución, sempre que existise vacante nela.

Os que pasen á situación de excedencia voluntaria polo suposto definido na alínea g) terán dereito, durante os seis primeiros meses, á reserva do posto de traballo que desempeñasen. Non obstante, cando das actuacións de tutela xudicial resultase que a efectividade do dereito de protección da vítima o exixir, poderase prorrogar por períodos de tres meses, cun máximo de dezaioito, o período en que, de acordo co parágrafo anterior, se terá dereito á reserva do posto de traballo.»

Dous. O punto 2 do artigo 97 queda redactado do seguinte xeito:

«2. No momento en que a insuficiencia citada no punto anterior se presuma definitiva ou, en todo caso, transcorrido un período de dous anos desde que lle foi apreciada, iniciárase o expediente que se regula no artigo 55 desta lei. O afectado poderá cesar no seu destino, se o tivese, no suposto de que, despois da correspondente valoración da relación entre a patoloxía detectada e o posto de traballo que ocupa, se apreciase a necesidade de adoptar a dita medida preventiva, e manterá a mesma situación administrativa ata a finalización do referido expediente.»

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Lei 54/1961, do 22 de xullo, sobre modificación de determinadas remuneracións do persoal da Garda Civil e Policía Armada.

Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións, de igual ou inferior rango, se opoñan ao disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro do previsto no artigo 149.1.29.a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Autorízase o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución desta lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 13 de decembro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

21499 *CORRECCIÓN de erros da Orde APA/3544/2007, do 5 de decembro, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul. («BOE 299, do 14-12-2007.)*

Advertido erro no texto remitido para a súa publicación da Orde APA/3544/2007, do 5 de decembro, inserida no Boletín Oficial del Estado, suplemento número 32 en lingua galega, do 14 de decembro de 2007, procédese á súa rectificación:

Na páxina 4016, disposición derogatoria única. Derrogación normativa, onde di: «Queda derogada a Orde APA/2289/2007, do 26 de xullo, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul»; debe dicir: «Queda derogada a Orde APA/3046/2007, do 19 de outubro, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul».

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

21593 *REAL DECRETO 1684/2007, do 14 de decembro, polo que se modifican o Regulamento de plans e fondos de pensións aprobado polo Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro e o Regulamento sobre a instrumentación dos compromisos por pensións das empresas cos traballadores e beneficiarios, aprobado polo Real decreto 1588/1999, do 15 de outubro. («BOE» 300, do 15-12-2007.)*

O Regulamento de plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro, actualizou, sistematizou e completou a adaptación da normativa regulamentaria en materia de plans e fondos de pensións contando, así mesmo, coa experiencia acumulada na materia e tomando como referencia os desenvolvementos no ámbito da Unión Europea.

Aqueles cambios, que trataron de mellorar a necesaria harmonización lexislativa comunitaria ou ben de revisar, adecuar e actualizar o marco xurídico, actuarial e financeiro dos plans e fondos de pensións, non se poden considerar culminados, pois o ámbito dinámico do sistema financeiro exige adaptacións permanentes.

Posteriormente, a Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, mediante a súa disposición derradeira quinta, introduciu modificacións no texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro. Pola súa vez, a disposición derradeira primeira do Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas e se modifica o Regulamento de plans e fondos de pensións, aprobado